

## **2. Compacidade**

## 2.1 Modelo de ocupación do territorio

### 2.1.1 Situación actual

O concello de Lugo localízase na franxa interior de Galicia, na súa parte norte, configurando un dos principais nodos de comunicación terrestre da comunidade. A recente construción da autovía A-6, xunto con outras vías xa existentes, coloca a cidade nun punto estratéxico no sistema de comunicacións do noroeste peninsular.

Ten unha superficie de 330 km<sup>2</sup>, a maior do conxunto de cidades galegas do Eixo Atlántico. Unha parte importante do seu territorio está destinado a usos agrícolas e forestais, mentres que soamente algo máis do 5% deste corresponde á área urbana.

Dentro desta son varios os elementos que configuran o deseño da trama da cidade, destacando de todos eles a muralla romana: delimita o centro histórico de Lugo e condiciona en grande medida a estrutura urbana por canto senta a base do modelo radioconcéntrico actual. É ademais o principal referente da cidade e o atractivo turístico de excelencia, declarada recentemente Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

A cidade de Lugo é a capital provincial e principal referente urbano da provincia. O contexto territorial articulado desde a propia cidade é o conxunto provincial, se ben recentes análises exclúen da área de influencia de Lugo as comarcas da Mariña Lucense, situadas no norte, e a Terra de Lemos, no sur. Esa centralidade vén conferida pola súa clara vocación terciaria, pois constitúe o centro político, administrativo e de servizos de referencia provincial. É importante tamén a actividade comercial e industrial, aínda que esta última está escasamente desenvolvida.

A presenza do terciario destaca en maior medida que noutras cidades de Galicia. Neste punto cabe resaltar a súa funcionalidade como capital política e administrativa, pois acolle as delegacións territoriais das administracións central e autonómica, a sede da Deputación Provincial e doutras como os servizos públicos de sanidade (complexo hospitalario de rango provincial), educación (impulso do ensino universitario coa instalación e ampliación do campus de Lugo, orientado principalmente a disciplinas relacionadas co ámbito do sector agrario), xustiza (localización da sede da Audiencia Provincial), etc.

Lugo configúrase ademais como o único centro de atracción poboacional do interior da provincia, nun contexto de forte emigración das áreas rurais do interior da comunidade cara ás zonas urbanas, principalmente da franxa atlántica. A dinámica demográfica experimentada no territorio municipal ten, no entanto, grandes diferenzas a nivel interno. Cabe distinguir neste sentido dous ámbitos territoriais con comportamentos contrapostos: o ámbito urbano, onde reside a maior parte da poboación do concello (o 90% do total municipal) e que experimentou nas últimas décadas un incremento lento pero continuo no número de habitantes; e o ámbito rural, que experimentou, pola contra, un descenso de poboación desde a década dos anos 60 que principalmente pasa a residir na cidade.



## 2.1.2 Evolución urbana

A cidade de Lugo ten a súa orixe nun pequeno asentamento romano de carácter militar levantado no ano 25 a.C. por mor das guerras cántabras. Algúns estudos falan dunha orixe relixiosa ou simbólica anterior, por canto o lugar de localización actual sería un lugar sagrado de xuntanza dos poboadores dos numerosos castros da comarca (RODRIGUEZ LESTEGÁS, 1989). De calquera maneira está bastante clara a influencia romana, tanto na morfoloxía e estrutura urbana inicial<sup>1</sup>, como na función da propia cidade como centro político-administrativo, económico e militar de importancia a nivel rexional.

Localízase a cidade nunha pequena elevación situada na marxe esquerda do río Miño, cunha elevación de 465 m sobre o nivel do mar. O medio físico onde se enclava e a súa localización no contexto territorial galego, así como os principais legados históricos herdados, configuran un territorio cuxa estrutura está condicionada en gran parte por unha serie de elementos.

Son:

- A muralla romana:

Levantada no século III a consecuencia da crise baixomedieval, é o elemento que define o núcleo central e orixinario da cidade e condiciona en grande medida o resto da estrutura urbana. Delimita o ámbito correspondente ao centro histórico, espazo de referencia e centralidade na cidade, a partir do cal se desenvolveu un crecemento radioconcéntrico reafirmado polos distintos planos urbanísticos.

- Río Miño:

É, xunto coa muralla romana, un dos elementos identificativos da cidade. O curso do río atravesa o territorio municipal de noroeste a sueste, acariciando a cidade pola súa parte sur.

Se ben historicamente o crecemento e expansión de Lugo se desenvolveu á marxe do río, recentes actuacións impulsadas desde distintas administracións pretenden recuperar e integrar este espazo periférico dentro da estrutura e funcionalidade da propia cidade.

- Ríos Rato e Fervedoira:

Pequenos ríos de menor entidade que o anterior son, no entanto, elementos condicionantes da expansión urbana cara ao leste e sueste.

- Estrada Madrid - A Coruña:

Principal vía de comunicación terrestre ata hai uns anos<sup>2</sup>, conforma un dos eixes sobre os que se estrutura o crecemento da cidade nas direccións norte e sur a partir do centro histórico.

<sup>1</sup> O plano inicial está conformado por dúas rectas que se cortan ortogonalmente na actual Praza do Campo.

<sup>2</sup> Na actualidade o paso da autovía A6 absorbe a meirande parte das comunicacións interprovinciais e intermunicipais. A pesar diso, a importancia da estrada Madrid-A Coruña segue a ser fundamental na configuración da accesibilidade a Lugo e a estrutura do crecemento urbano.

- Liña de ferrocarril:

O trazado das vías ferroviarias, contiguo á cidade polo seu lado leste, xera certa discontinuidade física do espazo urbano e constitúe unha “pequena barreira” de cara á estruturación e expansión urbana futura.

A cidade experimenta transformacións urbanísticas importantes a partir do segundo terzo do século XIX propiciado por dous factores, fundamentalmente: a designación de Lugo como capital de provincia, o cal supón a concentración dun número importante de servizos administrativos<sup>3</sup>, e a desamortización de bens pertencentes á Igrexa, posibilitando así o derrubamento ou cambio de usos de moitos dos edificios localizados no centro histórico e, por tanto, contribuíndo á transformación do espazo urbano do momento<sup>4</sup>. Fóra de murallas existían pequenos arrabaldes espallados polo territorio (Paradai, Chanca, San Roque, Friás, Montirón, etc.) que anos máis tarde, e de forma progresiva, se engazarían coa trama urbana da cidade (RODRIGUEZ LESTEGÁS, 1989).

No século XX concéntrase o groso da expansión urbana, localizado esencialmente no espazo de extra muros. Durante o primeiro cuarto desencadéase unha intensa actividade construtiva na rolda exterior á muralla, así como nas rúas de novo trazado, ao tempo que comeza a expansión da cidade cara ao norte, en particular ao oeste da estrada da Coruña. No extremo oposto prodúcese transformacións importantes no barrio de San Roque, primeiro eixe de crecemento cara ao sur. Levántanse tamén algunha das dotacións máis destacadas na cidade: Parque Rosalía de Castro e Club Fluvial.

O incremento da actividade construtiva faise especialmente notable a partir da década dos anos 60, concretamente na segunda metade. O crecemento urbanístico preferente localízase cara ao norte, coa consolidación de tramos xa iniciados (avda. da Coruña e Camiño Real principalmente) e coa ampliación cara a novos espazos lindeiros, conformando unha estrutura en cuarteirón pechado e con elevada densidade edificatoria. Outros puntos da cidade manteñen o ritmo expansivo doutros anos, destacando nalgúns casos actuacións puntuais de notable envergadura, e seguindo os eixes marcados polas principais vías de penetración: rúa San Roque nun primeiro momento e avda. Ramón Ferreiro posteriormente, na parte sur da cidade (con tipoloxías edificatorias variadas e boa dotación de equipamentos), rúas Lamas de Prado, Tui, Quiroga e Portugal e contorno do Hospital Xeral na parte oeste, rúa Castelao na parte leste (con actuacións puntuais como o polígono de Sagrado Corazón e As Gándaras ao outro lado da vía férrea) e macización de espazos no recinto do centro histórico.

A expansión da cidade segue en grande medida un esquema de tipo radioconcéntrico fundamentado en 3 aneis circunvalatorios e nas principais vías de entrada e saída da cidade (avda. da Coruña, avda. Ramón Ferreiro, etc.) Agora ben, ese proceso histórico non se produce de forma continua no espazo nin no tempo. Desta maneira, foron xurdindo “saltos espaciais discontinuos” que xeran bolsas de solo vacante no interior da trama urbana, consideradas polo PXOM como oportunidades para a corrección de erros, carencias ou deficiencias da propia estrutura urbana.

<sup>3</sup> Goberno Civil, Deputación Provincial, Audiencia Provincial e delegacións e xefaturas dos diferentes ministerios

<sup>4</sup> En paralelo á apertura de novos viarios (destacando o eixe norte-sur formado polas rúas San Fernando, San Marcos, Raíña e Progreso) e portas na muralla, ou ampliación das existentes (San Fernando, Estación, Nova, etc.), dando un salto para a expansión da cidade de extra muros ao tempo que se transforma o espazo interior.



Unha das consecuencias destacadas da expansión desordenada da cidade é a existencia de grandes contrastes urbanísticos, especialmente entre a zona norte e parte da leste e oeste (de elevada densidade edificatoria e destacadas carencias en equipamentos e espazos libres), e a zona sur (con variedade de tipoloxías edificatorias e maior esponxamento do espazo, ademais dunha boa dotación de equipamentos e zonas libres). Xa fóra do ámbito propiamente urbano, a periferia da cidade presenta un tecido residencial de baixa calidade (pequenas edificacións adosadas e localizadas seguindo a liña dos camiños e rúas), que xorde con base en núcleos rurais preexistentes, con problemas de articulación e integración co espazo urbano.

A intensidade do proceso construtivo recuperouse na década de 1980 logo dun curto período de ralentización. Son as áreas sur e oeste da cidade as que experimentan un maior dinamismo no ritmo expansivo (continuando coa tendencia iniciada en anos anteriores), en particular no contorno da Segunda Rolda (concretamente Rolda das Mercedes e avda. de Fontiñas<sup>5</sup>) e na zona de Fonte dos Ranchos (enlazando co tramo inicial da nova estrada a Santiago). Deste xeito vaise consolidando progresivamente o espazo localizado entre a primeira e segunda rolda, pechando así o modelo radioconcéntrico.

Nese período, e ata a actualidade, son varias as actuacións que destacan na cidade tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo: en concreto, o desenvolvemento do polígono industrial do Ceao, localizado na parte norte da cidade, xorde como unha actuación planificada e recollida no Plano Xeral de Ordenación Urbana de 1969; a localización do campus universitario na parte sur, progresivamente ampliado e modificado desde a súa orixe, e consolidado a partir do Plan Especial correspondente; o desenvolvemento recente dos polígonos residenciais de Acea de Olga e Augas Férreas, que supón a creación de 4.730 vivendas de nova planta de tipo colectivo con bloque exento e baixa intensidade de ocupación, localízanse tamén na parte sur contiguos ao campus universitario; o desenvolvemento dun sector de solo urbanizable residencial de vivenda unifamiliar de baixa densidade no lugar de Souto-Areeiras (crea un total de 526 novas vivendas); e a recuperación e acondicionamento das marxes dos ríos Miño e Rato como base para a creación dun futuro anel verde bordeando a cidade<sup>6</sup>.

### 2.1.3 Estrutura urbana actua

Tal e como se adiantou en parágrafos anteriores, a cidade presenta un esquema de tipo radioconcéntrico, con tres aneis de circunvalación (os dous exteriores aínda incompletos) e un viario radial que comunica directamente o propio centro urbano coa súa periferia e coas estradas principais de entrada e saída da cidade. Configuran ademais os eixes estruturais de crecemento da cidade, principalmente en décadas pasadas (avda. da Coruña, avda. Ramón Ferreiro e San Roque, rúa Castela e zona da Estación, etc.). Paralelamente ao esquema anterior, en grande medida consolidado na parte sur da cidade, Lugo experimentou un crecemento de forma lineal seguindo o eixe norte-sur (en forma de cuadrícula lineal na parte

<sup>5</sup> O menor prezo do solo e a maior tolerancia das ordenanzas urbanísticas nesta zona posibilitaron a construción e macizado de todo o espazo contiguo á avda. de Fontiñas.

<sup>6</sup> Actualmente só nalgúns tramos do río Miño e Rato están rematadas as actuacións.

norte e cunha estrutura menos densa e articulada arredor das avenidas de Ramón Ferreiro e Madrid e o polígono de Fingoi na parte sur).

No entanto, existen “elementos de discrepancia” entre a malla existente e o esquema teórico, elementos que se configuran como barreiras ou puntos conflictivos para a correcta funcionalidade da rede: ausencia de peche da segunda rolda, carácter asimétrico e sen conexión das 2 variantes sucesivas da N-VI, escaso número e reducida capacidade das vías radiais. Son factores todos eles que teñen que ver co esquema viario de primeiro nivel que en gran medida configuran o modelo teórico de cidade.

O espazo central da cidade está conformado polo recinto de intra muros (casco histórico declarado Conxunto Histórico-Artístico polo Decreto 443/1973 do Ministerio de Educación e Ciencia): o sector urbano de maior interese e singularidade. É un espazo heteroxéneo desde o punto de vista urbanístico e arquitectónico, onde conviven a cidade medieval, novas construcións decimonónicas e o Ensanche máis recente<sup>7</sup>. Historicamente, a súa función principal era a residencial se ben o desprazamento da poboación cara á periferia da cidade principalmente, e o progresivo envellecemento da poboación residente limitan o relevo xeracional e reducen considerablemente o uso residencial deste espazo. Paralelamente, a localización de actividades vinculadas ao terciario público e privado debuxan unha certa especialización funcional no sector servizos. Acolle un número importante de equipamentos de variada funcionalidade (administrativos, relixiosos, culturais, etc.) asentados principalmente en edificios históricos singulares, localizados tanto nas principais vías de intra muros como nas prazas localizadas nos seus cruzamentos, de gran riqueza e diversidade.

A partir de aquí a análise da estrutura urbana pode establecerse por grandes zonas (Avance PXOM Lugo, 2000):

#### Zona norte

Espazo localizado na parte norte da cidade, fóra do recinto amurallado, constitúe actualmente un dos eixes direccionais de crecemento futuro da cidade.

Desde o punto de vista urbanístico pódense distinguir dúas áreas: a zona centro-norte, espazo delimitado pola primeira e segunda rolda<sup>8</sup>, e a propia zona norte, espazo que se localiza máis alá da segunda rolda e constitúe na súa parte externa a periferia norte da cidade<sup>9</sup>.

O tecido urbano que se desenvolve entre a primeira e a segunda rolda é principalmente residencial, con tipoloxías edificatorias maioritariamente de vivenda colectiva en cuarteirón pechado. Configuran un espazo de elevada densidade e forte intensidade de ocupación, con baixos índices dotacionais, tanto de equipamentos como de espazos libres e zonas verdes. A

<sup>7</sup> Destacan de todo o conxunto unha serie de elementos centrais de especial valor urbanístico e funcional: Praza Maior e contorno da Catedral (centro neuráxico da cidade), Burgos novo e vello, eixe Raíña-Praza, Santo Domingo-San Marcos e, como non, a propia muralla romana.

<sup>8</sup> Área correspondente á cidade compacta ou consolidada que se localiza ao norte do recinto amurallado e próximo a este, nunha media lúa delimitada na súa parte nordeste polo barrio de Paradai e Agro do Rolo e na parte noroeste pola zona do Carme. Ao norte “toca” co distrito norte na zona da Milagros a.

<sup>9</sup> Abrangue, segundo a delimitación utilizada no propio planeamento urbanístico, as zonas ou barrios de Garabolos, A Piringalla, Albeiros, Frigsa, Abuín, Saamasas, As Pías e O Palomar.

escasa dotación de equipamentos concéntrase practicamente nun único espazo: o parque da Milagrosa, situado na marxe dereita da avda. da Coruña e limitando coa avda. da Infanta Elena.

A zona norte é, pola contra, unha área bastante extensa onde conviven zonas de solo urbano consolidado con importantes bolsas de solo e espazos intersticiais (SUNC), así como amplos espazos de solo urbanizable. A intensidade construtiva é relativamente baixa (comparada co resto da cidade) así como a dotación de equipamentos e espazos libres (é esta unha carencia global por canto afecta a todo o distrito en conxunto)<sup>10</sup>.

### Zona sur

Corresponde, a grandes trazos, coa área da cidade simétrica á zona norte, isto é, localízase na parte sur desta desde a primeira rolda ata a periferia meridional. Divídese en dúas áreas ben diferenciadas: a zona centro-sur, máis próxima á muralla, e a zona sur propiamente dita, que se localiza entre a segunda e a terceira rolda.

O desenvolvemento urbanístico da zona centro-sur está orientado arredor de dous eixes viarios: un primeiro, a rúa de San Roque, onde se localizan vivenda colectiva en cuarteirón pechado e, un segundo, a avda. de Ramón Ferreiro, de vivenda colectiva en bloque aberto principalmente, aínda que tamén se atopan polígonos residenciais de vivenda unifamiliar (Fingoi, Montirón, etc.). Constitúe a zona mellor dotada e equilibrada en canto a equipamentos (deportivos, docentes, administrativos, asistenciais, sociais, relixiosos) e espazos libres (localízanse aquí a maior parte das zonas verdes da cidade, algunhas delas con especial interese ambiental: parque Rosalía de Castro e Mirador, Parque do Miño, xardíns Marcos Cela, etc.).

A zona sur, pola contra, é un amplo espazo heteroxéneo, onde se produciron importantes transformacións urbanísticas nestes últimos anos que supuxeron unha extensión da cidade compacta máis alá da segunda rolda, constituíndo ademais novas áreas de centralidade urbana (campus universitario e polígonos residenciais de Acea de Olga e Augas Férreas). O desenvolvemento residencial, de edificabilidade moderada (0,88 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>), equilibrase correctamente coa dotación de aparcadoiros e espazos libres e zonas verdes (principalmente carballeiras).

### Zona leste

Neste espazo a diversidade na trama viaria e na tipoloxía edificatoria é maior (en moitos casos explicada polas condicións topográficas do terreo). Cabe distinguir neste senso tres zonas: unha primeira localizada na parte máis próxima á Rolda da Muralla, con tipoloxías edificatorias de vivenda colectiva en cuarteirón pechado (similar á existente na zona norte); unha segunda localizada máis ao leste, próxima á Segunda Rolda, onde é maioritaria a continuidade lineal de

<sup>10</sup> Desglosando a análise por distritos urbanos aprécianse notables diferenzas. En concreto, a zona do Palomar e Frigsa son áreas destinadas unicamente a equipamentos e espazos libres, mentres que outras presentan carencias de especial relevancia.

edificacións de grande altura (cun impacto visual negativo observado desde o punto de entrada da cidade); e, por último, unha terceira situada no contorno de Paradai, cunha tipoloxía residencial de vivenda colectiva en bloque aberto

Máis alá da liña de ferrocarril (que separa a cidade máis compacta da cidade espallada) o desenvolvemento urbanístico ten un carácter máis caótico, pois coexisten urbanizacións completas levantadas ex-novo (Sagrado Corazón, As Gándaras), relativamente illadas e infradotadas, con edificacións de distintas tipoloxías e desordenadas no territorio. En xeral é un espazo bastante desordenado e desarticulado, coa práctica inexistencia de sistemas xerais que articulen e ordenen o territorio.

De forma similar ao que acontece na parte norte da cidade, a dotación de equipamentos e espazos libres é bastante deficitaria, máxime nos espazos localizados máis alá da propia liña de ferrocarril.

### Zona oeste

Distínguense dúas áreas esencialmente: unha primeira localizada entre a primeira e a segunda roldas, de elevada centralidade e cun grao de execución do viario importante (onde alternan espazos ocupados e en gran parte consolidados con vivenda colectiva en cuarteirón pechado, con espazos baleiros de extensión considerable), e unha segunda, de desenvolvemento recente, constituída polas áreas do bordo da avda. das Américas, tramo de entrada da estrada de Santiago e Ourense (construción lineal en altura “canalizando” o viario considerado).

O nivel dotacional é bastante significativo, destacando principalmente os equipamentos de uso administrativo (a maior parte localízanse entre a primeira e segunda roldas). Cabe resaltar neste senso a localización na zona do Palomar, contiguo á variante da N-VI, dunha serie de equipamentos xerais deportivos, comerciais e de lecer (Recinto Feiral, polideportivo, campo de fútbol, Carrefour) que, xunto coa ampliación recente do parque do Miño (paseo da Ponte Vella), confire a todo este espazo un importante grao de centralidade.

Ata aquí estase a falar esencialmente da cidade compacta, aínda que non equilibrada por canto alternan espazos macizados con áreas máis esponxadas, combinándose ademais coa existencia de bolsas de solo vacante localizadas en distintos puntos da trama urbana. No entanto, si se pode considerar unha das cidades onde é máis nidia a liña de separación entre a cidade máis compacta e a súa periferia, de carácter rural ou rururbano principalmente. O tecido residencial desta periferia rural está conformado por pequenas edificacións, adosadas ou illadas, localizadas seguindo a liña dos camiños e estradas, conformando un espazo bastante desarticulado. É notable ademais a carencia de equipamentos e espazos libres acondicionados para o uso público.

O espazo de uso industrial concéntrase principalmente na parte norte da cidade (nunha área de boas condicións topográficas e accesibilidade), en dúas zonas diferenciadas morfolóxica e estruturalmente: unha primeira considerada “polígono de estrada” configurada nas dúas bandas da estrada N-VI en dirección á Coruña (segundo un modelo lineal e de ocupación espontánea), e unha segunda planificada e de carácter ordenado (polígono industrial do Ceao)



xurdido a raíz do Plano Xeral de Ordenación Urbana de 1969, e en continua medra en extensión e ocupación. Á marxe destes existen pequenas áreas de localización industrial noutros puntos da periferia da cidade, xurdidos de forma espontánea e sobre os cales o planeamento urbanístico pretende delimitar cun carácter restritivo de xeito que se imposibilite a súa ampliación (Areeiras-Louzaneta na parte oeste e Campiña Zarra na parte leste).

Desde o punto de vista ambiental, e relacionado estritamente co perfil urbanístico da cidade, destacan diferentes espazos de gran valor nos cales recentemente se actuou para a súa recuperación e acondicionamento: paseo fluvial dos ríos Miño e Rato, cuxa conexión e continuidade posibilitan a creación dun “anel verde” exterior, e acondicionamento e inserción na trama urbana dun conxunto de carballeiras e castiñeiros, conformando espazos verdes urbanos de uso e gozo para a poboación local (Acea de Olga e Augas Férreas).



### 2.1.4 Planeamento urbanístico

A grandes trazos pode considerarse que o desenvolvemento urbanístico de Lugo se forxou á marxe do planeamento urbanístico, ben por inexistencia deste ou ben por inoperatividade das

escasas figuras existentes. Non será ata mediados do século XX cando se inicien os traballos de redacción do primeiro documento de ordenación urbana, obrigado en definitiva pola Lei do solo de 1956.

**En outubro de 1969 aprobose definitivamente o primeiro Plano Xeral de Ordenación Urbana de Lugo**, redactado ao amparo da Lei do solo de 1956. Con anterioridade, en concreto a principios de 1960, aprobose inicialmente un documento de planeamento urbanístico redactado tres anos antes, que non tivo especial repercusión debido ao incumprimento de moitas das ordenanzas ditadas. Se ben o grao de execución do PXOU de 1969 foi escaso<sup>11</sup>, son varias as determinacións contempladas en materia de estrutura urbana que aínda hoxe en día se manteñen viventes. En concreto, defínese para a cidade un modelo de expansión de tipo radioconcéntrico, aproveitando o viario existente e a caracterización da cidade como cruzamento de camiños.

O período de vixencia do PXOU de 1969 é de 15 anos (ata o ano 1983), a partir do cal se inicia unha nova revisión fundamentada principalmente en dúas razóns: a) necesidade de adaptación da zonificación urbana á Lei do solo de 1975; b) obsolescencia das determinacións de índole socioeconómica e urbanística contempladas no planeamento anterior. Son varios os procesos acontecidos a partir do ano 1983 tendentes a aprobar a revisión do Plano Xeral<sup>12</sup>, mais non será ata inicios dos anos 90 cando se aprrobe definitivamente.

Actualmente está en vigor unha **“Revisión e Adaptación do PXOU de Lugo” aprobada definitivamente en decembro de 1990** (Texto Refundido aprobado en 1992 logo da incorporación das correspondentes alegacións). Os obxectivos estratéxicos do Plan son, a grandes riscos (Memoria de Ordenación, PXOU 1990: 70-76):

- Manter e consolidar o modelo urbanístico formulado no planeamento anterior, baseado no esquema radioconcéntrico, para o cal propón completar o viario de primeiro nivel.
- Abrir novas posibilidades de expansión futura da cidade cara ao norte, no corredor delimitado pola vía de ferrocarril e a estrada N-VI.
- Delimitar un conxunto de ámbitos de especial protección sobre os que se prevé a elaboración de planos especiais de protección: por valores históricos e arquitectónicos (casco histórico e primeiro cinto da muralla) ou por valores naturais e paisaxísticos (corredor formado polo río Miño e as súas marxes).
- Delimitar os espazos de uso industrial, concentrando na parte norte a zona de expansión futura, e limitando a súa localización noutros puntos da periferia urbana. Neste senso elimínase a clasificación de solo industrial nas zonas da Chanca e Romai, e delimitanse con carácter restritivo as zonas de Areeiras-Louzaneta e Campiña Zarra.

<sup>11</sup> Redactáronse a maioría dos planos parciais previstos, mais non chegaron a executarse, unhas veces por falta de aprobación por parte da Administración central e outras polo escaso ou nulo funcionamento das xuntas de compensación (RODRIGUEZ LESTEGÁS, 1989).

<sup>12</sup> Preséntanse un total de 283 alegacións ao documento aprobado inicialmente en marzo de 1983 o que leva á Dirección Xeral de Urbanismo a emitir un informe desfavorable en xullo de 1984. Obriga, desta maneira, a unha nova revisión que terá aprobación provisional en xuño de 1986, mais sen apenas efectos debido á necesidade do visto e prace da Dirección Xeral de Urbanismo (suspéndense licenzas de obra en varias zonas da cidade, en previsión de reservas para dotacións e equipamentos).

- Localizar e delimitar os núcleos rurais existentes, determinando as súas características segundo sexan considerados núcleos rurais tradicionais (NRT) ou núcleos de recente formación (NRF).

O desenvolvemento de tales obxectivos instrumentalízase a través dunha serie de liñas de actuación relativas esencialmente á estrutura xeral do territorio e á súa ordenación<sup>13</sup>. En termos xerais, o conxunto de actuacións agrúpase en 4 liñas estratéxicas: 1) consolidación do solo urbano existente na cidade (con actuacións de planeamento directo en SUC e de planeamento diferido en SUNC); 2) compactación do modelo urbanístico, a través da delimitación de solo urbanizable, programado e non programado, na inmediata periferia urbana; 3) ordenación da expansión da cidade a longo prazo, seguindo un modelo axial en dirección norte, e 4) ordenación de ámbitos de especial valor natural e paisaxístico (contorno do río Miño) ou histórico-arquitectónico (recinto amurallado).

En referencia a este último, **apróbase definitivamente en febreiro de 1997 o Plano Especial de Protección e Rehabilitación do Casco Histórico de Lugo**, en cumprimento das determinacións establecidas na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. Define como obxectivos prioritarios a preservación e rehabilitación física e funcional do patrimonio histórico e arquitectónico, o mantemento e recuperación do uso residencial e das actividades económicas presentes, o reequipamento e mellora dos servizos e dotacións sociais e, en definitiva, a mellora da calidade do espazo urbano considerado (Memoria de Ordenación, 1997: 22-36).

Establece para tal efecto as seguintes propostas de actuación: i) a definición, delimitación e regulación de catro zonas diferenciadas dentro do ámbito de actuación do Plan<sup>14</sup>, ii) a definición e identificación dos Bens de Interese Cultural (BIC) e delimitación das áreas do contorno dos propios BIC, e iii) a catalogación exhaustiva dos elementos unitarios que conforman o conxunto (agrupados en conxuntos edificatorios, elementos singulares do espazo público, e xardíns e elementos naturais), definindo para cada un deles un grao de protección específico. Delimita ademais dez ámbitos de xestión (unidades de intervención) conformados por terreos edificables ou patios libres de edificación cuxo desenvolvemento posibilita a obtención de espazos libres públicos.

**En outubro de 1998 apróbase definitivamente o Plano Especial de Protección do Río Miño**, en cumprimento das determinacións establecidas no Plano Xeral de Ordenación. Establece como criterios de actuación, con carácter xeral, (PEPRIM, 1998: 159) a protección integral das zonas de alto valor natural, o mantemento da paisaxe rural tradicional e dos espazos libres localizados entre a cidade e o contorno do río, o desenvolvemento de áreas recreativas e de espaxamento como parques periurbanos cuxa conectividade posibilita a creación dun extenso e continuo parque fluvial (anel verde periurbano) e a conservación do patrimonio histórico-cultural existente.

Para tal efecto elabora un estudo exhaustivo das características do contorno (dividíndoo en unidades ambientais), establece a delimitación dos ámbitos suxeitos a distintos tipos de protección e elabora unha normativa reguladora de cada un dos usos admitidos en cada ámbito de actuación.

<sup>13</sup> Documento de Información Urbanística do Avance do Plano Xeral de Ordenación Municipal, 2000.

<sup>14</sup> Burgo Medieval, Ensanche Decimonónico, Ensanche Recente e Equipamento Comunitario.

Relacionado co anterior, cabe resaltar o **Plan Especial de Protección de Carballeiras, Castiñeiras e Fontes Ornamentais, aprobado definitivamente en sesión plenaria de outubro de 1993**. Sen pretender realizar unha análise tan pormenorizada, a súa citación pretende remarcar a singularidade que representa, por canto significa unha boa práctica urbanística desde o punto de vista ambiental. Ten o plan unha dobre finalidade: a) a protección ambiental das unidades urbanas comprendidas no propio ámbito de aplicación, e, b) a identificación das áreas con problemas de conservación de certas superficies arborizadas. Coincide o ámbito territorial de aplicación do Plan cos sectores de Acea de Olga, Augas Férreas e Parque do Miño.

Na actualidade está en fase de tramitación o **Plano Xeral de Ordenación Municipal de Lugo**, cuxo Avance foi presentado en abril de 2000<sup>15</sup>. Defínese en realidade como unha revisión do Plano Xeral aprobado en decembro de 1990 xustificada polo cumprimento das dúas etapas de desenvolvemento previstas (período 1991-2000) e, principalmente, por execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que obriga ao cambio de clasificación de solo urbanizable non programado a solo urbano dos terreos da rolda do Carme.

### 2.1.5 Visión de futuro

As liñas estratéxicas que definen o desenvolvemento futuro da cidade de Lugo, desde o punto de vista urbanístico e de ordenación territorial, están recollidas e analizadas no Avance do novo Plano Xeral de Ordenación Municipal (aprobado en febreiro de 2000). Actualmente o devandito documento está en fase de tramitación para a súa aprobación inicial e, por tanto, moitas das actuacións propostas son provisionais. Agora ben, á espera de aprobar definitivamente este conxunto de medidas si é posible debuxar e definir cales son os principais trazos e características do modelo de cidade proposto.

Así, establece como criterios e obxectivos básicos de ordenación no ámbito propiamente urbano<sup>16</sup>:

- i. Completar o tecido urbano existente, impulsando a ordenación dos espazos baleiros para o reequipamento da cidade, resolvendo desta maneira os déficits dotacionais existentes.
- ii. Promover a interrelación entre barrios e conxuntos urbanos de certa homoxeneidade, tratando de minimizar as barreiras físicas que os separan (ferrocarril, vías urbanas, límites físicos).
- iii. Establecer unha calificación urbanística coherente, de xeito que permita consolidar áreas homoxéneas con tipoloxías semellantes, evitando así a consolidación de pequenas zonas illadas sen conexión dentro da estrutura global da cidade.

<sup>15</sup> En concreto, o proceso está pendente dun informe favorable da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia para a súa aprobación inicial.

<sup>16</sup> Memoria de Ordenación do Avance do Plano Xeral de Ordenación Municipal, 2000: 2-7.



- iv. Integrar as estruturas rurais preexistentes dentro das novas pezas urbanas que progresivamente se van incorporando á cidade.
- v. Completar a rede de espazos libres e zonas verdes con novas áreas, para acadar así un sistema completo e integrado no tecido urbano, e contribuíndo desta maneira a relacionar o centro da cidade cos distintos barrios que a compoñen, e a estes entre si.
- vi. Reequilibrar a oferta de equipamentos no conxunto da cidade, propoñendo unha distribución homoxénea entre as súas distintas partes (tendo en conta as particularidades e demandas específicas de cada barrio).
- vii. Fomentar a oferta de solo para promocións de vivendas sociais, tanto de iniciativa pública como privada.
- viii. Reforzar e completar os asentamentos industriais existentes, ordenando os accesos e conexións coas distintas vías de comunicación e fomentando a racionalización do mercado de solo industrial.
- ix. Conservar e promocionar a rehabilitación do patrimonio histórico, arquitectónico e artístico, así como protexer e potenciar os valores paisaxísticos dos espazos naturais que bordean a cidade.
- x. Prever novas áreas de crecemento para a cidade, seleccionando aquelas zonas que mellor contribúan a consolidar a súa estrutura global.

O modelo de cidade proposto segue a liña definida no planeamento anterior fundamentada no esquema radioconcéntrico. Deste xeito propón a consolidación do sistema viario de carácter estrutural, definindo e rematando tres roldas consecutivas e unha trama viaria radial que conecta unhas con outras.

A consolidación do tecido residencial conséguese pechando os espazos baleiros e delimitando os bordos e límites do espazo urbano e a periferia (na parte sur e oeste definida a partir da variante da N-VI e o río Miño, na parte leste polo val dos ríos Rato e Fervedoira e na parte norte pola consolidación futura do solo industrial). Pola contra, o solo industrial fica concentrado na parte norte da cidade, ocupando unha extensa superficie contigua ao actual polígono do Ceao.

En relación á dotación de equipamentos e espazos libres, as propostas do Avance céntranse especialmente no incremento dotacional en termos cuantitativos procurando simultaneamente o equilibrio dotacional por barrios ou zonas urbanas homoxéneas, de xeito que se consigan no horizonte do Plan os estándares dotacionais e se reduzan os déficits e desequilibrios existentes na actualidade.

Un elemento singular do novo Plano Xeral de Ordenación é a preocupación demostrada por ordenar os ámbitos correspondentes ao medio rural e natural, co fin de contemplar con criterios positivos o ordenamento de todo o termo municipal. Este factor é realmente significativo por canto o territorio considerado representa unha superficie moi superior ao ámbito propiamente urbano, e o futuro desenvolvemento do concello pasa por definir e establecer criterios racionais de ordenamento conxunto entre o urbano e o rural, asignando un papel significativo a cada un dos ámbitos considerados.

Estas e outras propostas incluídas no Avance de Planeamento teñen un carácter orientativo por canto as determinacións incluídas non foron aprobadas en pleno municipal e, por tanto, non está redactado nin aprobado o corpo normativo que o sustenta.





## 2.2 Compacidade

A compacidade é un eixe da sustentabilidade urbana que incide na forma física da cidade, na súa funcionalidade e, en xeral, no modelo de ocupación do territorio e na organización das redes de mobilidade e espazos libres.

A cidade compacta busca a eficiencia nos usos dos recursos naturais. Un dos recursos básicos non renovables é o solo. Abandonar o concepto de zonificación funcionalista, incrementar a mestura de usos como unha estratexia de eficiencia comporta a minimización das ocupacións do solo. A reconversión de espazos industriais, a súa reutilización, a densificación e introdución de novos usos en áreas monofuncionais permiten aumentar a complexidade ao tempo que se liberan os espazos naturais das presións que xera o modelo de cidade difusa.

A compacidade no ámbito urbano expresa a idea de proximidade das distintas compoñentes que conforman a cidade, isto é, a reunión nun espazo máis ou menos limitado de usos e funcións urbanas (usos residenciais, de traballo, de ocio, compra, etc.). Tal proximidade de usos e funcións permite, entre outras cousas, que o transporte público teña masa crítica para manterse e ofrecer un servizo regular, cómodo e próximo, e que os movementos a pé ou en bicicleta reforcen o seu papel no ámbito da mobilidade urbana.

As solucións formais adoitadas na cidade compacta, tanto no espazo público como na edificación, permiten establecer unha separación entre o que é cidade e o que é campo; cuestión, esta, que non permite o modelo de cidade difusa. En efecto, a zonificación funcionalista e a rede de infraestruturas impoñen unha mestura sen orde que simplifica tanto as partes urbanas como as rurais e naturais.

As solucións formais que se adopten na edificación determinarán os usos que poidan acoller e, por tanto, condicionarán de maneira absoluta o modelo de cidade. Un modelo con mestura de usos e funcións como o que se propón non se pode desenvolver con edificios dunha soa función repetidos ata ocuparen áreas extensas. O modelo de cidade compacta aposta pola vivenda plurifamiliar como tipoloxía edificatoria preponderante. A nova construción ten que permitir usos mixtos e contar con locais de pública concorrencia en planta baixa


Hai unha serie de indicadores básicos, relacionados coa ocupación do solo, como son a cualificación urbanística do solo, a edificabilidade, a densidade de habitantes, a porcentaxe de zonas verdes ou de equipamentos que permiten caracterizar as estruturas existentes.

### 2.2.1 Usos do solo

O concello de Lugo é o máis grande dos municipios galegos do Eixo Atlántico, cunha extensión de 330 km<sup>2</sup>. Localízase na franxa interior, ao norte deste, nun espazo central da provincia.

Un primeiro trazo definitivo do modelo de ordenación territorial é a caracterización dos distintos usos do solo previstos e reais, isto é, a distribución que o planeamento vixente e/ou futuro establece en razón das distintas categorías de solo previstas na lexislación actual. Así, e tomando como base o PXOU de 1990, vixente en Lugo na actualidade, observamos que a meirande parte do territorio está incluída nalgunha das categorías de solo rústico, é dicir, solo non apto para a urbanización.

Gráfico 2.1 Saturación do solo



Tal e como se observa no gráfico anterior, tan só algo máis do 5% do territorio municipal está actualmente urbanizado, isto é, corresponde a solo urbano e urbanizable (un total de 1.760 ha). A distribución segundo as categorías é a seguinte:

Táboa 2.1 Solo Urbano e Urbanizable

CATEGORÍAS	SUPERFICIE (ha)
Solo urbano consolidado	502,02
Solo urbano non consolidado	164,44
Solo urbanizable programado	99,11
Solo urbanizable non programado	993,88
<b>TOTAL</b>	<b>1.759,45</b>

O solo restante corresponde nunha pequena parte a núcleo rural (existen en Lugo un total de 319 entidades de poboación fóra do ámbito propiamente urbano) e solo rústico, principalmente de protección forestal e agrícola.

Con esta situación podemos afirmar que o **índice de saturación do solo en Lugo é do 5%**, valor moi baixo e que reafirma o escaso grao de ocupación urbana deste.

Dentro da trama propiamente urbana, e tomando como referencia o planeamento urbanístico citado anteriormente, podemos analizar a distribución dos usos do solo por distritos urbanos, utilizando como indicadores a edificabilidade media e a dotación de equipamentos e espazos libres e zonas verdes. Así, en base á división por zonas realizada no capítulo de “estrutura urbana”, resulta a seguinte caracterización:

**Táboa 2.2 Distribución usos do solo por zonas**

Zona	Solo	Superficie bruta	Superficie edificable	Coef. edific. (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	Densid. resid.	Espacios libres e z. verdes	Equip.	Coef. esp. libres	Coef. equip.
Norte	SUNC	587.197	704.897	1,68	102	95.900	179.505	0,14	0,25
	SUZ	1.351.750	1.331.200	0,99	50	174.057	231.235	0,13	0,17
Centro-norte	SUNC	98.006	166.978	2,04	91	18.360	17.067	0,11	0,10
	SUZ	0	0	0,00	0	0	0	0,00	0,00
Leste	SUNC	75.290	49.780	1,00	75	30.035	12.150	0,60	0,24
	SUZ	350.750	175.375	0,50	39	30.515	33.090	0,17	0,19
Centro-sur	SUNC	203.964	410.012	2,01	89	45.562	22.000	0,11	0,05
	SUZ	17.250	35.363	2,05	90	2.794	3.413	0,08	0,10
Sur	SUNC	507.910	385.898	1,25	92	54.080	34.550	0,14	0,09
	SUZ Progr.	736.810	650.632	0,88	64	181.860	35.450	0,28	0,05
	SUZ	2.130.136	631.529	0,39	15	439.833	404.925	0,70	0,64
TOTAL		6.059.063	4.541.664			1.072.996	973.385		
PROMEDIO				1,16	64,17			0,22	0,17

SUNC: Solo urbano non consolidado  
SUZ: Solo urbanizable

Cabe destacar varias cuestións:

- A superficie edificable en SUNC concéntrase principalmente na zona norte da cidade, área onde a cidade presenta grandes discontinuidades urbanísticas e de tipoloxías edificatorias, onde existen amplos espazos baleiros sen ordenar e onde se establece como obxectivo prioritario a compactación da cidade. Os devanditos espazos son considerados polo planeamento como áreas de oportunidade para xerar espazos libres.

- O coeficiente de edificabilidade é superior nas zonas centro-norte e centro-sur (con ratios lixeiramente superiores a 2 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>). Corresponde ao espazo de extra muros lindeiro coa muralla, área de primeira expansión da cidade fóra do recinto amurallado. A densidade edificatoria nesta zona é moi elevada, con tipoloxías en cuarteirón pechado e sen apenas espazos libres ou zonas verdes que desconxestionen toda a trama urbana (soamente na parte sur se percibe un certo esponxamento da propia trama).

- O solo urbanizable concéntrase principalmente nas zonas norte e sur da cidade, en espazos contiguos con solo urbano. Son os eixes de expansión urbana e de difusión da cidade compacta ata os límites co río Miño (de feito gran parte deste solo localízase na vertente oeste da cidade, ata o límite coa variante da N-VI).

- A menor edificabilidade do solo urbanizable repártese do forma case equitativa polas distintas zonas da cidade agás na parte norte, onde o coeficiente practicamente dobra ao establecido no resto de áreas (acada o límite máximo establecido na lexislación de 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>) e na parte centro-sur (cunha edificabilidade elevada que neste caso responde á necesidade de obtención de viario).

Os datos están extraídos das fichas de planeamento secundario do PXOU de 1990. Son evidentemente cifras de previsión futura, mais o desenvolvemento nestes últimos anos dunha parte importante do planeamento secundario previsto, principalmente en solo urbano non consolidado, debuxa un panorama moi similar ao planificado e, por tanto, serve de base para a análise de edificabilidades e dotacións dentro da propia trama urbana. En efecto, ata setembro de 2004 **o planeamento vixente acadou un desenvolvemento do 57% en superficie edificable**, onde gran parte desta corresponde a solo urbano non consolidado e solo urbanizable programado.



**Táboa 2.3 Desenvolvemento planeamento vixente**

Zona	Solo	Sup. edific. prevista	Sup. edific. executada	Grao desenvolv.
Zona norte	SUNC	704.897	442.008	0,63
	SUZ	1.331.200	201.950	0,15
Zona centro-norte	SUNC	166.978	96.965	0,58
	SUZ	0	0	
Zona leste	SUNC	49.780	26.400	0,53
	SUZ	175.375	68.000	0,39
Zona centro-sur	SUNC	410.012	306.642	0,75
	SUZ	35.363	0	0,00
Zona sur	SUNC	385.898	338.471	0,88
	SUZ Progr.	650.632	650.632	1,00
	SUZ	631.529	512.770	0,81
TOTAL		4.541.664	2.643.838	0,57

O desenvolvemento urbanístico en solo urbano non consolidado é do 67%, superior ao acadado para o solo urbanizable (47% en superficie edificable). A análise por zonas permite concluír que a expansión recente da cidade materializouse principalmente na súa parte sur, coa execución dos polígonos de Augas Férreas e Acea de Olga e o propio campus universitario como proxectos de maior envergadura dentro da cidade. Na parte norte, zona onde tamén se prevía un desenvolvemento importante, o grao de execución do planeamento foi inferior, principalmente en solo urbanizable.

Esta situación é reflexo do acontecido nestes últimos anos. A previsión cara ao futuro segue a manter e consolida a parte norte da cidade como o principal foco de expansión urbana, idea reforzada ademais logo da colmataxe de importantes espazos na parte sur (compactando a cidade ata case os límites naturais do río Miño e da variante da N-VI).

Como complemento á análise de usos do solo, incorpórase un pequeno cadro de evolución e uso da vivenda.



**Táboa 2.4 Vivendas e destino principal**

	CENSO 1991		CENSO 2001		
	Nº	%	Nº	%	
Vivenda	Principal	26.108	68,4%	31.156	62,5%
	Secundaria	3.328	8,7%	4.024	8,1%
	Baleira	8.431	22,1%	12.893	25,9%
	Outras	328	0,9%	1.798	3,6%
	TOTAL	38.195	100,0%	49.871	100,0%

Fonte: INE

A cidade de Lugo experimentou un notable incremento no número de vivendas no período 1991-01 (un total de 11.676 novas vivendas, o que supón un aumento do 30,5%), colocando a cifra para este último ano en case 50.000. Este incremento non veu acompañado dun aumento significativo e paralelo da poboación residente co cal, tal e como se pode observar na táboa, a cifra de vivendas de carácter non-principal, é dicir, vivenda secundaria, baleira ou doutra tipoloxía, incrementouse nunha porcentaxe superior á primeira (do total de vivendas novas incorporadas ao parque da cidade, 6.628 son de carácter non principal, das cales unha gran parte son baleiras).

Esta situación reflicte unha certa incoherencia por canto o crecemento da cidade, desde o punto de vista urbanístico, está a ser superior ás súas necesidades de vivenda. Parece, por tanto, necesario redimensionar as expectativas de crecemento da cidade para axustalas ás necesidades da poboación, rebaixando quizais a superficie de solo dedicado a uso residencial exclusivo e destinalo a outros usos de maior beneficio social e nos que Lugo presenta importantes carencias (mellora da dotación de equipamentos e espazos libres e zonas verdes, por exemplo).



<p><b>Mapa 2. 1</b></p>	<p><b>Calificación do solo. Avance PXOM 2000</b></p>	<p>0  400 m</p>
-------------------------	--	-----------------



## 2.2.2 O indicador da compacidade

Un indicador sintético para avaliar o modelo de cidade é o índice de compacidade que relaciona a densidade edificatoria dunha área determinada coa súa superficie. É, por tanto, unha aproximación á eficiencia edificatoria en relación ao consumo do solo. As variables que entran en xogo no cálculo da compacidade son: a altura da edificación, a superficie edificada, a clasificación do solo segundo o planeamento urbanístico e a sección das rúas, elementos todos eles que dan unha idea do grao de esponxamento dun determinado tecido urbano.

A nivel municipal pódese observar que o groso da edificación está concentrado na cidade, acadando esta niveis elevados de compacidade absoluta sobre todo nos espazos centrais. No plano apenas son perceptibles os núcleos rurais e as entidades de poboación dispersas polo concello, mais o papel que xogan neste é, neste caso, secundario.

A cidade compacta, entendida como aquelas áreas onde os valores de compacidade son superiores á media, localízase na parte central e na zona do primeiro ensanche (distritos centro, centro-norte e centro-sur). Se ben as alturas medias dos edificios non son moi elevadas (media de 4-5 alturas como máximo), si existe unha densidade edificatoria potente, compaxinada e acrecentada ademais coa ausencia notable de espazos libres que impiden, entre outras cousas, un esponxamento urbano.

Esta caracterización é máis propia da zona norte, en concreto da zona centro-norte e no contorno da avda. da Coruña, onde os valores da compacidade son superiores a 7-8. No distrito centro-sur tamén se atopan áreas con valores elevados que corresponden coa zona de crecemento da cidade orientado cara ao sur-leste, seguindo o eixe direccional da rúa San Roque.

A medida que avanzamos cara á periferia, o valor da compacidade diminúe. En consecuencia a densidade edificatoria é menor. Agora ben, as razóns de tal situación difiren en función do punto ou zona da cidade a que corresponda. O distrito norte presenta unha menor densidade global<sup>17</sup> porque, de momento, hai un número importante de espazos baleiros sen edificar e sen ningún tipo de ordenamento. A parte sur, no entanto, ten un grao de desenvolvemento urbanístico superior e baseado en modelos residenciais de variada tipoloxía (combinan barrios con tipoloxías edificatorias en bloque aberto con outros en cuarteirón pechado, ou de vivenda unifamiliar), xeralmente máis esponxados, con rúas anchas (cando menos as principais) e espazos abertos, combinados cunha mellor dotación de equipamentos.

En termos dinámicos detéctanse varios eixes de crecemento da cidade, ligados todos eles ás súas principais vías de entrada e saída (A Coruña, Madrid, Santiago-Ourense, Asturias e Fonsagrada). É importante facer mención desta realidade para evitar que nun futuro a cidade se expanda de forma incontrolada segundo estes eixes e, desta maneira, tratar de canalizar nunhas direccións concretas a expansión urbana.

A zona de saída cara a Santiago, en dirección oeste, é un caso particular, pois a extensión da cidade cara a esa área supón atravesar o río Miño e continuar co modelo de desenvolvemento actual na súa marxe dereita, ata agora menos urbanizada<sup>18</sup>. Curiosamente o planeamento urbanístico establece que o crecemento futuro da cidade debe ser cara ao norte mais tamén contempla o desenvolvemento, aínda que limitado, de áreas residenciais na periferia oeste.


Outro eixe importante que non se debe obviar é o definido pola estrada de saída a Asturias, en dirección leste, no que o desenvolvemento recente da cidade non puxo especial énfase, mais a construción do novo hospital provincial (en execución actualmente) pode supoñer un cambio importante da dinámica urbanística cara a esta zona da cidade.

Fóra dos eixes de crecemento antes mencionados, a cidade péchase ou compáctase con base nos límites naturais ou antrópicos que definen ademais a súa propia estrutura: na parte leste o trazado da liña de ferrocarril, e na parte oeste a variante da N-VI (concretamente na parte oeste e suroeste) que transcorre en gran parte do seu tramo urbano paralelo ao río Miño.

Por último, cómpre destacar que ao norte da cidade se observa unha pequena “illa” con niveis de compacidade non moi elevados. Corresponde ao polígono industrial do Ceao e á periferia norte da cidade de Lugo. A súa previsible expansión cara a zonas lindeiras (reservados polo planeamento urbanístico para tal efecto) e as boas condicións topográficas do terreo fan desta ampla área un territorio de oportunidades para a expansión urbanística da cidade.


<sup>17</sup> Se distinguimos por barrios ou cuarteiróns obsérvase que a densidade edificatoria se mantén en valores altos, superiores á media, naquelas áreas de relativa nova construción (próximas á avda. da Coruña principalmente).

<sup>18</sup> O desenvolvemento urbanístico nesta zona estrutúrase arredor da estrada vella de Santiago (barrio da Ponte) e na zona de Louzaneta-Areeiras principalmente, se ben nestes últimos anos véñense desenvolvendo neste último lugar zonas residenciais de vivenda unifamiliar de dimensións importantes.



Mapa 2.2      **Compacidade. Lugo**      0      200 m





Compacidade. Lugo

0 200 m

## 2. 3 Espazo Público

### 2. 3. 1 Zonas verdes

O espazo público debe ser considerado como un ben escaso pero á vez un elemento estrutural do modelo de cidade proposto. É o espazo de convivencia urbana formado pola rede de equipamentos, zonas verdes e zonas libres que son os principais eixes da vida social e de relación humana. A calidade do espazo público non é só un indicador relacionado co concepto de compacidade, senón tamén co de estabilidade.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) considera as zonas verdes urbanas como imprescindibles polos beneficios que reportan ao noso benestar físico e emocional. Ademais de axudar a que respiremos aire fresco e limpo, as zonas verdes constitúen lugares de esparexemento e recreo e son uns espazos propicios para as relacións sociais entre as persoas. Tamén contribúen a mitigar o deterioro urbanístico das cidades, a facelas máis habitables. Ademais, o contacto con esas zonas verdes é a máxima aproximación de moitos cidadáns á natureza e algúns xardíns e parques antigos albergan valiosas especies de flora e fauna merecedoras dunha especial atención social.

O planeamento urbanístico de 1990 establecía unha previsión de zonas verdes para a cidade de Lugo de pouco máis de 1.000.000 m<sup>2</sup>, dando lugar a un ratio medio de 11,3 m<sup>2</sup>/hab. (cifra que se sitúa por enriba da media das cidades de Galicia). Agora ben, sobre estes datos cabe facer dúas matizacións:

- As cifras corresponden ás previsións establecidas no PXOU e por tanto, visto o grao de desenvolvemento deste, a superficie de zonas verdes actuais en Lugo é ponderadamente inferior.
- A distribución é significativamente desigual entre as distintas zonas ou distritos da cidade.

A parte norte desta, así como as zonas leste e oeste, presentan uns niveis dotacionais bastantes baixos (no distrito norte soamente existe unha área dotacional con equipamentos e zona verde: o parque da Milagrosa) mentres que, pola contra, a zona sur ofrece uns estándares bastante positivos. Non en van se localizan nesas áreas algúns dos parques máis importantes da cidade: Rosalía de Castro (22.500 m<sup>2</sup>), costa do Parque (34.000 m<sup>2</sup>), Campus Universitario ou Parque do Miño.

Cabe destacar tamén que algunhas das zonas verdes máis importantes da cidade están localizadas nos bordos ou na periferia desta, como consecuencia de actuacións recentes desenvolvidas no marco da protección e acondicionamento dos ríos Miño e Rato. Configuran parte do que nun futuro pode ser o anel verde da cidade, proxecto que contempla a creación dun cinto verde, continuo, que bordeie a cidade conectando os distintos espazos verdes urbanos entre si. É esta, sen dúbida, a principal proposta do Avance do plan en materia de dotación de zonas verdes.

Na análise do espazo público de Lugo cabe mencionar tamén as recentes actuacións desenvolvidas no centro histórico da cidade (recinto amurallado) en materia de liberación de espazo para o peón en detrimento do vehículo, incrementándose a superficie de áreas peonís da cidade.

Un elemento clave na análise do espazo público como lugar de encontro e esparexemento da cidade é a súa accesibilidade, trazo este que se configura como un dos eixes fundamentais do modelo de cidade compacta. Tomando os datos da enquisa da percepción e valoración realizada na cidade de Lugo en 2004 obsérvase que:

**Táboa 2.5 Accesibilidade a zonas verdes e Espazos Libres**


Accesibilidade a...	< 5 min.	< 15 min.
Zonas verdes e xardíns	75,1%	94,5%
Espazos libres (prazas,...)	60,0%	90,9%

A meirande parte da poboación reside a menos de 15 minutos a pé dalgunha das zonas verdes ou espazos libres da cidade. Se reducimos a distancia a 5 minutos a porcentaxe tamén diminúe, aínda que se manteñen en niveis considerablemente elevados.

Estas cifras xerais son positivas, se ben cabe matizar que non reflicten o desequilibrio dotacional da cidade por canto non distingue a percepción ou valoración por grandes zonas ou distritos.







- Espacios libres
- Sistema xeral de zonas verdes
- PEPRIM
- Zona verde

Mapa 2. 4      Zonas Verdes      0      400 m



### 2.3.2 Equipamentos

A dotación de equipamentos na cidade de Lugo tivo historicamente importantes retrasos e desequilibrios territoriais, isto é, determinadas zonas da cidade acadaron unha mellora notable nestes últimos anos a raíz do impulso dado desde o planeamento urbanístico, mais outras quedaron atrás manténdose en niveis sensiblemente baixos. Corresponde esencialmente a aqueles espazos que presentan un nivel de consolidación da edificación e unha densidade moi elevada, froito dun modelo de crecemento intensivo en consumo de solo no que apenas se contemplaban niveis dotacionais satisfactorios que cumpriran coas necesidades da poboación.

A nivel global, e sen entrar nunha análise moi pormenorizada, a dotación de equipamentos en Lugo presenta actualmente as seguintes cifras:

**Táboa 2.6 Número de equipamentos**

EQUIPAMENTOS	Nº
Centros deportivos	12
Centros de ensino <sup>19</sup>	51
Centros e equipamentos sociais	16
Centros sanitarios	14
Edificios públicos e organismos oficiais	38
Residencias de estudantes	9
Outros edificios e centros de interese	20

Da análise global pódense extraer as seguintes conclusións:

- A maior concentración de equipamentos localízase en toda a área centro e sur da cidade. O recinto histórico alberga unha parte importante dos usos dotacionais de maior significado (administrativos, culturais,...) e localizados moitos deles ademais en edificios históricos singulares.

<sup>19</sup> Inclúe as facultades e escolas universitarias do campus de Lugo.

- Seguindo a liña en dirección sur observamos que no sector máis próximo á muralla se concentran a maioría dos restantes equipamentos administrativos que non se situaban no centro, así como algúns dos sanitarios, asistenciais, docentes ou deportivos.

- Nos sectores norte e leste, pola contra, o nivel dotacional é claramente inferior, destacando soamente algún equipamento sanitario e administrativo disperso pola trama urbana, e o complexo pluridotacional localizado na zona de Frigsa (Parque da Milagrosa), con equipamentos deportivos, asistenciais, docentes e zonas verdes.

- As grandes áreas dotacionais localízanse preferentemente na periferia da cidade, en puntos de boa conexión cos aneis circunvalatorios, principalmente coa terceira rolda: o campus universitario, localizado na periferia meridional lindando coa variante da N-VI), e o complexo do Palomar, que inclúe instalacións deportivas, comerciais e o recinto feiral, ademais dunha extensa zona verde fluvial.

- Os equipamentos de uso docente e relixioso son os únicos que se atopan repartidos dunha forma bastante equilibrada por toda a trama urbana.

A localización dos equipamentos e a súa proximidade a outros usos e funcións definen unha das claves de análise da estrutura urbana. A accesibilidade a estes é, por tanto, un elemento esencial do modelo de cidade compacta. Analizando unha vez máis os datos da enquisa de percepción e valoración realizada na cidade de Lugo en 2004 obsérvase que:

**Táboa 2.7 Accesibilidade a equipamentos**

Accesibilidade a...	< 5 min.	< 15 min.
Instalacións deportivas	21,4%	60,8%
Centros de atención primaria sanitaria	39,2%	85,4%
Centros de ensino público	44,0%	86,8%

Unha porcentaxe importante da poboación está relativamente próxima a algún dos equipamentos básicos da cidade (docentes, sanitarios e deportivos). En concreto, máis do 85% da poboación localízase a menos de 15 minutos a pé dalgún dos equipamentos docentes ou sanitarios da cidade.




Se rebaixamos a distancia a 5 minutos (equivalente a un radio de 300 m aproximadamente) a porcentaxe de poboación diminúe razoablemente (un 39,2% está a menos de 5 minutos a pé dalgún centro de atención primaria sanitaria, mentres que a porcentaxe para o caso dos centros de ensino público ascende lixeiramente ata o 44,0%).

O Avance do planeamento urbanístico contempla algunhas das principais propostas en materia de equipamentos. Así, ante a realidade actual o documento formula como primeira medida a necesidade de reequilibrar a cobertura dotacional da cidade, paliando as diferenzas detectadas e distribuindo os equipamentos de forma homoxénea para a consecución dunha cidade completa e equilibrada. Con este fin propónse a creación de novos equipamentos aproveitando solos vacantes da trama urbana, ou ben a través de operacións urbanísticas de reforma interior en parcelas localizadas en zonas de densidade elevada.

Un exemplo pode ser a liberación de espazo que supón o traslado do hospital xeral do centro da cidade á parte leste, próximo á estrada de Fonsagrada, o cal vai transformar dous espazos importantes: a propia periferia leste, coa implantación do novo hospital, e o centro-oeste da cidade, zona deficitaria en equipamentos e no que se libera solo en cantidade importante para corrixir as devanditas carencias.







- administrativo
- asistencia
- cultural
- deportivo
- docente
- general
- infraestructuras
- religioso
- santiatario

Mapa 2. 5      Equipamentos      0 400 m

**Resumo de indicadores:**

INDICADOR	VALOR ACTUAL	VALOR DE REFERENCIA	TENDENCIA ACTUAL	VALOR DESEXADO	MEDIDAS
Índice de saturación do solo	0,05	-	En aumento mais a enorme extensión do concello distorsiona este indicador.	Mantemento nos valores actuais.	Limitacións na cualificación de solo urbanizable.
Índice de compacidade	1.8	-	Aumento se se cumpren as previsións do PXOM.	É desexable un índice elevado pero combinado con zonas libres e calidade urbanística.	Aumento de edificabilidade que permita a reserva de solo para zonas libres.
m <sup>2</sup> zona verde habitante	11,3	15*	Aumento do índice debido ás novas actuacións urbanísticas e as previsión de creación de zonas verdes.	15-20**	Creción de novas zonas verdes con criterios de proximidade á poboación.
% poboación a menos de 5 minutos de zonas verdes ou libres	56	100	Aumento do índice debido ás novas actuacións urbanísticas e as previsión de creación de zonas verdes.	100	Creción de novas zonas verdes con criterios de proximidade á poboación.
% poboación a menos de 15 minutos de equipamentos	60 - 86	100	Aumento debido ás previsións de equipamentos vinculados aos novos desenvolvementos urbanísticos.	100	Creación de novos equipamentos con criterios de proximidade á poboación.

\* Recomendación de organismos internacionais. OMS.

\*\* Extandar de cidades europeas.